

A crise da Baixa Idade Media

Séculos XIV e XV

9.- Que foi a crise da Baixa Idade Media?

(1)

- Os séculos XII e XIII foran de expansión económica en toda Europa
 - Tamén, como vimos, nos reinos hispánicos
- Pero a chegada a Occidente dunha terrible epidemia
 - Coñecida como a **Peste Negra**: 1348
 - Inaugurou unha etapa de
 - Catástrofes demográficas
 - Crises agrícolas
 - Enfrontamentos sociais
- Na Península, xa entre 1310 e 1346, unha **sucesión de malas colleitas** provocou a **desnutrición da poboación**
 - Sobre todo entre as clases máis desfavorecidas
 - Sobre esta poboación mal alimentada e falta de defensas, a chegada da Peste Negra ocasionou unha gran mortalidade

9.- Que foi a crise da Baixa Idade Media?

(2)

- A **diminución do número de campesiños** implicou
 - O abandono de moitas explotacións agrícolas
 - Unha baixada da produción
- Como consecuencia disto
 - **Reducíronse as rendas señoriais**
 - A nobreza impuxo novos impostos
 - Houbo moitos **levantamentos contra a nobreza** provocados polo descontento dos campesiños por
 - O aumento dos prezos
 - O endurecemento da servidume
- Nas cidades, a **escaseza de produtos** e a suba dos prezos agrícolas dificultou o abastecemento
 - Sobre todo das clases populares
 - Expresaron o seu malestar en forma de **revoltas urbanas**
- Por último, no ámbito político, abriuse un período de loitas e **conflictos entre**
 - **A monarquía**, que quería impoñer a súa autoridade
 - **As clases privilexiadas**, que se negaban a ver reducida a súa influencia e as súas prebendas

A crise do feudalismo

- Causas:
 - Aumento da poboación no século XIII
 - Desequilibrio poboación-recursos
 - Cambio climático: veráns podres
 - Malas colleitas
 - Desnutrición da poboación
 - Peste Negra (1348-1351)
- Consecuencias:
 - Mortalidade catastrófica
 - Despoboación
 - Diminución da man de obra campesiña
 - Redución da produción agrícola
 - Aumento dos prezos → Crise económica
 - Miseria dos pobres
 - Persecución minoría xudía → Crise social
 - Caída das rendas feudais
 - Rebelións nobiliarias contra os reis → Crise política
 - Aumento da presión feudal contra os campesiños
 - Levantamentos campesiños antifeudais → Crise total

A crise do feudalismo




A peste en Europa. Revoltas campeciñas e urbanas




A peste en Europa. Revoltas campeciñas e urbanas




A peste en Europa. Revoltas campeciñas e urbanas



A peste en Europa. Revoltas campeciñas e urbanas





Peste en Europa. Revoltas campeciñas e urbanas.



Efectos da Peste Negra




Procesión de flaxelantes no século XIV. Os flaxelantes eran persoas que se castigaban para purgar as súas culpas. Foron moi numerosos nesta época de crise.

9.1.- A crise demográfica


- **A Peste azoutou a meirande parte do continente europeo**
 - Seica a enfermidade se orixinou en Asia
 - Chegou a Italia e mais ao resto do Mediterráneo como consecuencias dos intensos contactos comerciais
 - Dende a costa espallouse ao resto do continente
- O **impacto demográfico** da Peste foi moi importante nos reinos da Coroa de Aragón, especialmente en Cataluña
 - Onde a poboación diminuíu case un 40 % entre a segunda metade do século XIV e todo o século XV
- A Coroa de Castela coñeceu tamén os efectos da Peste, pero en menor medida
 - Alí a poboación descendeu aproximadamente nun 25 %
 - Recuperouse antes

Doc.1 – A crise demográfica

- “Despois, entre os anos 1347 e 1351, veu a época das grandes pestes (...). Nun convento (Santa Rita de Ribes) un monxe escóllese prior porque quedou só. (...) Catro dos cinco consellers morreron e case todo o Consell de Cent (...). En 1362-1363, a peste reapareceu en Barcelona, onde o Papa autoriza a rezar non só polos mortos senón tamén polos que morrerían nas tres semanas seguintes á oración.”
- **Pierre Vilar, Cataluña na España Moderna, 1978**
- **Que foi a Peste Negra?**
- **Como afectou os reinos peninsulares?**
- **Por qué Cataluña resultou máis afectada?**




Poboación europea.



Crise demográfica en Inglaterra.

millóns de habitantes



A crise demográfica

A POBOACIÓN DOS REINADOS PENINSULARES*

Territorio	1300	1480
Coroa de Castela	4500	4500
Coroa de Aragón	900	840
Cataluña	450	260
Valencia	200	250
Balears	50	80
Aragón	200	250
Reino de Navarra	100	100
*en milleiros de habitantes		

Barcelona, onde o Papa autoriza a rezar non só polos mortos senón tamén polos que morrerían nas tres semanas seguintes á oración.

Pierre VILAR: *Cataluña na España Moderna*, 1978.

9.2.- A crise agraria

- En Castela déronse numerosos **despoboados**
 - En Cataluña apareceron os chamados **“masos rónecs”**: casas de labregos abandonadas
- Á redución da man de obra seguiulle
 - Unha redución da produción agrícola
 - Un aumento dos prezos
- Como consecuencia disto **reducíronse as rendas señoriais**
- Os nobres **reaccionaron en dúas direccións**
 - Engrandeceron os seus dominios mediante **novas concesións de terras** que conseguían exercendo presión sobre os reis
 - Endureceron as condicións dos campesiños á vez que se impoñían novos impostos: **malos usos**

Doc.2

- “Algúns poderosos poñen tributos novamente nalgúns lugares onde nunca os houbera, portádegos, roldas e outros tributos desfavorables (...). Algúns dos devanditos ricos homes despoboan os lugares que lles foron dados, aumentando os peitos (impostos) de tal xeito que os campesiños marchan, os campos se despoboan e erman os lugares (...). Tamén lles fan moitos agravios e sen razóns aos seus habitantes tomándolles moitos do seu e pedíndolles cartos, pan e viño e outras cousas (...).
- Pedimos que as devanditas cidades e lugares, que foron sempre da nosa Coroa real (...) volvan ás vosas mans.”
- **Petición do estamento popular das Cortes de Burgos, 1373**
- **Que aconteceu no campo?**
- **Que intentaron os señores para que non baixasen as súas rendas?**

9.3.- A crise nas cidades

- Nas cidades houbo un **descenso da demanda dos produtos manufacturados**
 - Encareceu o seu prezo
 - Dificultou a súa exportación
 - Agravada polo **colapso do comercio internacional**
- A diminución dos intercambios implicou a **ruína de moitos comerciantes e artesáns**
- Nalgunhas cidades, como Barcelona, o pequeno artesán
 - Enfrontouse aos poderosos en demanda de reformas económicas
 - Reclamou participar no goberno da cidade

Doc.3-a

- “Medidas proteccionistas da produción propia fronte ás manufacturas exteriores; defensa do comercio marítimo; depreciación da moeda para poder vender mellor os produtos; saneamento da administración (rebaixa do soldo dos funcionarios e investigación das fraudes e corrupción dos dirixentes da Biga, grandes mercadores e mais comerciantes).”
- **Medidas reclamadas polos artesáns (Busca) de Barcelona no século XV**
- **Analiza as medidas dos artesáns para revitalizar a economía**

Doc.3-b


- “Pouco a pouco deformouse o xesto da cidade, decrecen as riquezas e diminúe o trato (comercio), xa ningún amor lles teñen os cidadáns ás cousas públicas, xa os homes usan mal das súas propiedades. Deste xeito, a cidade soamente retén a súa aparencia (...).”
- **Opinión dun mercador de Barcelona, en Pierre Vilar: Cataluña na España moderna, 1978**
- **Que sucedeu coa artesanía e o comercio?**
- **Que visión de Barcelona ofrece o texto?**

9.4.- As revoltas sociais

- En **Cataluña**, os **remensas**: campesiños adscritos á terra
 - Organizáronse nun gran sindicato remensa
 - Subleváronse contra os señores
 - Esixiron a anulación do réxime señorial e a fin dos malos usos
- En **Galicia** tivo lugar a rebelión dos **irmandiños**: 1467-1469
 - Erguéronse contra os abusos señoriais os campesiños,
 - Pero tamén o pobo raso das cidades, parte dos artesáns e os fidalgos
 - Crearon a **Santa Irmandade**
 - Protagonizaron unha guerra contra a nobreza
 - Destruíndo castelos
 - Esixindo a devolución das terras confiscadas pola nobreza
 - Pero a unión dos nobres acabou sometendo aos campesiños rebeldes
- Por último, **nas cidades** o malestar social desembocou en moitas ocasións en asaltos ás xudarías: **progroms**

Doc.4

- “Nestes días chegaron ao Concello (...) os xudeus da Corte do rei que eran alí vidos os máis honrados do reino, e dixeron (...) que recibiran cartas da alfama da cidade de Sevilla, que un arcediano de Écija na igrexa de Sevilla, de nome Fernando Martínez, predicaba pola praza contra os xudeus, e que todo o pobo estaba movido para actuar contra eles. E cando don Álvaro Pérez de Guzmán, alguacil maior de Sevilla, fixo azoutar un home que lles facía mal aos xudeus, todo o pobo de Sevilla se mobilizou, e tomaron preso o alguacil, e (...) todas as cidades se mobilizaron para destruír os xudeus (...).”
- **P.López de Ayala: Crónica dos reis de Castela, século XIV**
- **Por que se produciron revoltas sociais nesta época?**
- **Cales foron as de maior importancia no campo?**
- **Cales eran as súas pretensións?**
- **Por que cres que nas cidades se atacou os xudeus?**



▼
Xudeus representados no Tapiz da Creación da *catedral de Xirona*, século X.



Revolta campestre en Francia, no século XV.

10.- A Baixa Idade Media en Castela e Navarra

- 10.1.- O modelo económico castelán
- 10.2.- As guerras civís en Castela
- 10.3.- O reino de Navarra

10.1.- O modelo económico castelán

- En Castela, **a agricultura foi a gran prexudicada da crise** porque a escaseza de man de obra
 - Orixinou un retroceso dos cultivos
 - Empuxou os grandes propietarios a dedicar as súas terras ao pastoreo
- Como consecuencia disto, **a gandaría da la**, xa importante
 - **Tivo un auxe sen precedentes**
 - Impulsada ademais pola conxuntura internacional derivada da Guerra dos Cen Anos
 - Que implicou a fin do abastecemento inglés da la á industria téxtil de Flandres
 - Converteu Castela na súa principal subministradora
- **O estímulo do comercio de exportación de la**
 - Foi aproveitado polos grandes propietarios de rabaños
 - A alta nobreza
 - Os establecementos eclesiásticos
 - As ordes militares
 - Aumentaron a cabana
 - Acumularon grandes riquezas
- **A Coroa favoreceu ese proceso**
 - Aumentando os privilexios da Mesta en detrimento dos intereses dos agricultores
 - Xa que obtiña ingresos moi substanciosos da transhumancia do gando da la

Doc.1.- Privilexios da Mesta

- “O alcalde da Mesta e mais os pastores andan, señor, polas vosas terras demandando novas vereas nos lugares onde nunca as houbo (...) e pedímosvos, señor, (...) se nalgunhas terras se queren abrir ou ensanchar vereas, que o fagan polos lugares afeitos. E non como as queren abrir agora, pasando polo medio das mellores hortas, viñas e herdades e polas aldeas mesmas.”
- **Súplicas dos agricultores casteláns ao rei nas Cortes, século XV**
- **Cales eran as peticións destes agricultores?**

O alcalde da Mesta e mais os pastores andan, señor, polas vosas terras demandando novas vereas nos lugares onde nunca as houbo (...) e pedímosvos, señor, (...) se nalgunhas terras se queren abrir ou ensanchar vereas, que o fagan polos lugares afeitos. E non como as queren abrir agora, pasando polo medio das mellores hortas, viñas e herdades e polas aldeas mesmas.

*Súplicas dos agricultores casteláns
ao rei nas Cortes, século XV.*

1. Cales eran as peticións destes agricultores?

Doc.2.- Protección da industria lanar

- “A Vosa Alteza debería ordenar e mandar que nos vosos reinos non se importe ningún pano de la de calquera tipo que sexa, (...) nin se vendan neles, agás os panos que se fan nos vosos reinos. (...) E que A Vosa Señoría debería mandar que non saia la ningunha dos vosos reinos, que aínda que, moi poderoso señor, de momento pode haber menoscabo nalgunha das vosas rendas, andando o tempo produciranse moitos máis beneficios; porque moitas xentes terían de que vivir e o voso reino se poboaría e ennobrecería moito.”
- **Petición do Terceiro Estado nas Cortes de Madrigal, Castela, 1438**

A Vosa Alteza debería ordenar e mandar que nos vosos reinos non se importe ningún pano de la de calquera tipo que sexa, (...) nin se vendan nelles, agás os panos que se fan nos vosos reinos. (...) E que a Vosa Señoría debería mandar que non saia la ningunha dos vosos reinos, que aínda que, moi poderoso Señor, de momento pode haber menoscabo nalgunhas das vosas rendas, andando o tempo produciranse moitos máis beneficios; porque moitas xentes terían de que vivir e o voso reino se poboaría e ennobrecería moito.

Petición do Terceiro Estado nas Cortes de Madrigal, Castela, 1438. (Adaptación)

Prados da Cordilleira Cantábrica ou o Sistema Central

rapador: cortaba a la das ovellas a comezos do verán

manseiro: responsable dos carneiros destinados á reprodución

xugueiro: encargábase dos cabalos e dos burros

maioral: era o xefe da expedición

costeiro ou mandaliteiro: viaxaba cos pastores e aprendía o oficio

rabadán: transmitíalles as ordes do maioral aos pastores

Rabaños regresando ás terras baixas de Castela



O C É A N O A T L Á N T I C O

Mar Cantábrico

— canella leonesa
— canella segoviana



● principais centros comerciais



Rapadores de la

Territorio	1300	1480
Coroa de Castela	4 500 000	4 500 000
Coroa de Aragón	900 000	840 000
Cataluña	450 000	260 000
Valencia	200 000	250 000
Baleares	50 000	80 000
Aragón	200 000	250 000
Reino de Navarra	100 000	100 000

10.2.- As guerras civís en Castela (1)

- En Castela, os nobres quixeron
 - Afianzar o seu predominio na sociedade
 - Impoñerlles a súa vontade aos monarcas
- A alta nobreza e a Igrexa opuxéronse a **Pedro I de Castela** (1350-1369)
 - Porque os quixo someter
 - Apoiaron ao seu medio irmán Henrique de Trastámara
 - Tras anos de **guerra civil**, entre 1369 e 1379, o bando nobiliario conseguiu vencer
 - Proclamouse rei a **Henrique II**, que iniciou a dinastía Trastámara en Castela
- O novo rei quixo agradecer o apoio da nobreza
 - Concedéndolles importantes privilexios: as chamadas **mercés henriqueñas**
 - Pero ao mesmo tempo intentou crear un núcleo forte de fieis: **A nobreza de servizo**
 - En detrimento da vella nobreza de sangue, que aumentara o seu patrimonio e mais o seu poder grazas, precisamente, ás mercés henriqueñas
- Para reforzar o poder real, mediante a centralización política
 - **Limitáronse as funcións das Cortes**
 - Dende 1396 unicamente votaban subsidios para a Coroa
- Tamén se impulsou o desenvolvemento de institucións reais con
 - A **creación da Audiencia** en 1371
 - A **reforma do Consello Real** en 1385, como órgano asesor do rei
- A nobreza non aceptou
 - Enfrontouse ao aumento do poder da monarquía
 - Entre 1419 e 1479 formáronse numerosos **bandos nobiliarios**, a miúdo enfrontados entre eles.



Representación da batalla de Montiel, en 1369, na que Enrique II venceu definitivamente a Pedro I de Castela.

10.2.- As guerras civís en Castela (2)

- O enorme poder da nobreza e os abusos que cometía
 - Impoñendo novos tributos
 - Confiscando propiedades
 - Levou os campeciños a reclamaren a protección real fronte ás bandeirías nobiliarias
- Do mesmo xeito, para defender os seus intereses fronte á nobreza
 - Nas Cortes de Burgos de 1315 as cidades e vilas crearon a **Irmandade Xeral**
- A conflictiva situación converteuse no reinado de **Xoán II** (1406-1454) nunha nova guerra
 - Tras a morte do que fora rexente durante a súa minoría de idade, Fernando de Antequera
 - Durante a súa rexencia formárase un importante bando nobiliario: o dos chamados “infantes de Aragón”
 - Integrado polos fillos de Fernando, que se opoñían a Xoán II
- Enfrontáronse tres sectores
 - **Os partidarios da monarquía**, encabezados por Don Álvaro de Luna
 - **Os infantes de Aragón**, que eran vistos en Castela como estranxeiros
 - **A alta nobreza castelá**
- O resultado foi favorable a alta nobreza castelá
 - A aristocracia seguiu a dominar en Castela en tempos **de Henrique IV** (1454-1474)
 - Durante o seu mandato afundiuse a autoridade real
 - A anarquía espallouse por todo o reino
- Á súa morte
 - A irmá **Isabel** foi proclamada raíña co apoio da nobreza
 - Logo de derrotar a súa sobriña Xoana, alcumada a Beltranexa, noutra **guerra civil entre 1474 e 1479**

DOC.3

REIS DA COROA DE CASTELA

1230-1299

FERNANDO III (1230-1252)

AFONSO X (1252-1284)

SANCHO IV (1284-1295)

FERNANDO IV (1295-1312)

1300-1399

AFONSO XI (1312-1350)

PEDRO I (1350-1369)

HENRIQUE II (1369-1379)

XOÁN I (1379-1390)

HENRIQUE III (1390-1406)



1400-1504

DINASTÍA TRASTÁMARA

XOÁN II (1406-1454)

HENRIQUE IV (1454-1474)

ISABEL I (1474-1504)

Século XIV	1300	FERNANDO IV	Dinastía Trastámara	
	1310	AFONSO XI		
	1320			
	1330			
	1340	PEDRO I		
	1350			
	1360	HENRIQUE II		
	1370			
	1380			
	1390	HENRIQUE III		
Século XV	1400	XOÁN II	Dinastía Trastámara	
	1410			
	1420			
	1430			
	1440	HENRIQUE IV		
	1450			
	1460	ISABEL I		
1470				
1480				
1490				
1500				

Os reis da Coroa de Castela nos séculos XIV e XV

1410	FERNANDO I		
1420	AFONSO V		
1430			
1440			
1450	XOÁN II		
1460			
1470	FERNANDO II		
1480			
1490			
1500			
1510			

Os reis da Coroa de Aragón no século XV

	Reino de León	Reino de Castela	
Século XI	1040	FERNANDO I	
	1050		
	1060		SANCHO II
	1070		
1080	AFONSO VI		
1090			
1100			
Século XII	1110	URRACA	
	1120		
	1130	AFONSO VII	
	1140		
	1150		
	1160	FERNANDO II	SANCHO III
	1170		
1180	AFONSO VIII		
1190			
1200			
1210			
Século XIII	1210	AFONSO IX	HENRIQUE I
	1220		
	1230	Unión definitiva de León e Castela	
	1240	FERNANDO III	
	1250	AFONSO X O SABIO	
	1260		
	1270		
	1280	SANCHO IV	
	1290	FERNANDO IV	
	1300		
Século XIV	1310	AFONSO XI	
	1320		
	1330		
	1340	PEDRO I	
	1350		
	1360		
1370			

		Coroa de Castela	Coroa de Aragón
Século XIV	1360	HENRIQUE II	XOAN I
	1380		
	1400		
Século XV	1420	XOAN II	FERNANDO I
	1440		
	1460		AFONSO V
	1480		
	1500		
Século XVI	1520	ISABEL I	XOAN II



Os reinos de Europa ocidental no ano 1350



Asalto a unha cidade
durante a Guerra dos Cen
Anos


10.3.- O reino de Navarra (1)

- **Navarra tivo unha evolución política de seu**
 - Diferenciada da Coroa de Castela e da Coroa de Aragón
 - Non participou na expansión peninsular
 - Ante as pretensións anexionistas do rei castelán Afonso X o Sabio, achegouse a Francia a raíz do casamento da raíña Xoana I co rei francés Filipe IV en 1284
- Durante case un século, entre 1328 e 1425
 - Navarra estivo gobernada por dinastías francesas: Champaña e Evreux
 - Aínda que o reino mantivo a súa independencia
- Tras unha época de vicisitudes dinásticas e políticas
 - Cara ao ano 1328 Navarra iniciou a súa desvinculación de Francia
 - Afianzouse con **Carlos II** (1349-1387)
 - Confiou os principais cargos da administración a funcionarios navarros
 - Impulsou as institucións propias

10.3.- O reino de Navarra (2)

- Afectado pola crise demográfica e económica
 - Tamén coñeceu disensións políticas
 - Que derivou nunha **guerra civil desde 1447**
- Esta foi consecuencia do enfrontamento entre
 - **Os agramonteses, que apoiaban a Xoán II**, rei de Aragón, casado con Branca de Navarra
 - **Os beaumonteses, que apoiaban ao seu fillo Carlos de Viana**
- Morto o príncipe de Viana en estrañas circunstancias
 - O conflito prolongouse ata a intervención, en 1512, de **Fernando o Católico**, tamén fillo de Xoán II
 - Estableceu un protectorado sobre o reino
 - Incorporouno a Castela no ano 1415

DOC.4 OS REIS DE NAVARRA



11.- Crise e decadencia na Coroa de Aragón

- 11.1.- As consecuencias económicas da crise
- 11.2.- O cambio da dinastía
- 11.3.- A guerra civil catalá
- 11.4.- A fin do conflito

11.1.- As consecuencias económicas da crise

- Na **Coroa de Aragón**, e especialmente en Cataluña, ás catástrofes demográficas e á crise agrícola uníuselles
 - O **colapso do comercio marítimo** producido en boa medida polo avance dos turcos no Mediterráneo
 - A diminución do comercio implicou a **redución da demanda de produtos artesanais e manufacturados**
 - As actividades urbanas foron minguando
- **A monarquía e os municipios viron reducir os seus recursos**
 - Como consecuencia da diminución dos impostos que recadaban do comercio e as actividades comerciais e manufactureiras
 - Daquela aumentou a presión fiscal sobre as cidades
 - Tiveron que recorrer á emisión de créditos privados e de débeda pública
- Todo isto favoreceu a **transformación de moitos nobres e burgueses en xente que vivía de rendas**
 - Abandonaron o investimento produtivo e comercial
 - Para investir en débeda e facer de prestamistas
 - Como consecuencia disto as actividades produtivas decaeron aínda máis
 - Agravaron a decadencia económica de Cataluña
- A crise, que se mantería durante as dúas centurias seguintes
 - Implicou o declive da actividade artesanal e comercial nas cidades de Cataluña
 - O seu empuxe económico decaeu
- Mentres, **Valencia** recuperouse con maior rapidez
 - Converténdose no principal porto comercial e centro económico da Coroa de Aragón ao longo do século XV

Doc.1.- O fomento do comercio

- “A favor do comercio, aconsellan tamén algúns (...) sabios destes tempos que debe ser prohibido mercar rendas e violarios (títulos da débeda pública) a quen poida mercadear, aínda que tales cousas se poidan ter xustamente, pero estorban a mercadoría que, sen comparación, é mellor para a comunidade. E é evidente, pois quen ten o diñeiro en tales rendas, se lle é prohibido non telas, haberá que investir en mercadoría e de traballar para gañar por mar e por terra.”
- **F.Eiximenis: Réxime da cousa pública, 1383**

A favor do comercio, aconsellan tamén algúns (...) sabios destes tempos que debe ser prohibido mercar rendas e violarios (títulos da débeda pública) a quen poida mercadear, aínda que tales cousas se poidan ter xustamente, pero estorban a mercadoría que, sen comparación, é mellor para a comunidade. E é evidente, pois quen ten o diñeiro en tales rendas, se lle é prohibido non telas, haberá que investir en mercadoría e de traballar para gañar por mar e por terra, (...).

F. EIXIMENIS: *Réxime da cousa pública*, 1383

11.2.- O cambio da dinastía

- As dificultades económicas e financeiras coincidiron co problema da **sucesión dinástica**
 - Tras a morte, sen descendencia, do derradeiro monarca da casa de Barcelona, **Martiño o Humano** en 1410
- A crise política resolveuse mediante o **Compromiso de Caspe**
 - Reuniu na devandita cidade representantes dos tres territorios: Aragón, Cataluña e Valencia
 - Para escoller monarca entre distintos candidatos
 - Nomeouse a **Fernando de Antequera**, co que unha rama dos Trastámara casteláns pasou a reinar na Coroa de Aragón
- Os Trastámara intentaron **reforzar a autoridade monárquica**
 - Adoptaron disposicións contrarias ás leis tradicionais aragonesas
 - Implicaron a oposición das clases privilexiadas
- Para facerlle fronte á nobreza, **Afonso V o Magnánimo**
 - Buscou o apoio dos países remensas
 - Suspendeu provisionalmente a servidume mediante a **Sentenza Interlocutoria en 1455**
 - Suspendía as servidumes e os malos usos

Doc.2.- O Compromiso de Caspe

- “Eu, Vicente Ferrer, da Orde dos frades Dominicanos (...) digo (...) que os citados parlamentos, súbditos e vasallos da Coroa dos aragoneses deben e están obrigados a prestar fidelidade debida e ter como a propio rei verdadeiro e señor, por xustiza, segundo Deus e a miña conciencia, o célebre e magnífico señor Fernando, infante de Castela, sobriño ou ben neto do señor Pedro, rei dos aragoneses, de feliz lembranza, pai do señor rei Martiño, de excelsa memoria, derradeiro parente morto, varón nado de matrimonio lexítimo, e ligado a cada un deles en grao de consanguinidade do citado rei Martiño. E o testemuño do que expresei escribo coa miña man e séloo co meu carimbo (...).”
- **Voto de Vicente Ferrer en Caspe, 1412**

Eu, Vicente Ferrer, da Orde dos frades Dominicanos (...) digo (...) que os citados parlamentos, súbditos e vasalos da Coroa dos aragoneses deben e están obrigados a prestar fidelidade debida e ter como a propio rei verdadeiro e señor, por xustiza, segundo Deus e a miña conciencia, o célebre e magnífico señor Fernando, infante de Castela, sobriño ou ben neto do señor Pedro, rei dos aragoneses, de feliz lembranza, pai do señor rei Martín, de excelsa memoria, derradeiro parente morto, varón nado de matrimonio lexítimo, e ligado a cada un deles en grao de consanguinidade do citado rei Martín. E o testemuño do que expresei escriboo coa miña man e séloo co meu carimbo (...).

Voto de Vicente Ferrer en Caspe, 1412.

11.3.- A guerra civil catalá (1)

- Cando **Xoán II de Aragón** (1458-1479) accedeu ao trono, o enfrontamento derivou en **guerra civil** entre 1462-1472
 - Entre a monarquía, que contou co apoio dos remensas e das clases populares urbanas
 - E as clases dirixentes de Cataluña
- En primeiro lugar, foi un **conflicto político**
 - No cal a Generalitat, que representaba os intereses das clases dirixentes de Cataluña
 - Enfrontouse co monarca, que pretendía
 - Acabar coa tradición do pactismo
 - Impoñer a autoridade real

11.3.- A guerra civil catalá (2)

- En segundo lugar, foi un **conflito social**
 - No cal se reavivou o problemas dos campesiños remensas
 - Para frear as aspiracións da nobreza, a monarquía apoiou os remensas en contra dos intereses dos señores
- En terceiro lugar, foi tamén un **conflito urbano**
 - Que se entrelazou cos enfrontamentos polo **control do poder municipal na cidade de Barcelona**
 - Nesa poboación formáronse dous grupos con intereses diverxentes
 - **A Busca**, que agrupaba artesáns e comerciantes
 - **A Biga**, que representaba a oligarquía tradicional
 - Así, os bigaires uníronse aos señores do campo na loita contra unha monarquía que ousara desafiar os seus privilexios
 - Mentres que os buscaires apoiaban a causa real

CAMPO

Guerra civil catalá, 1462–1472.

CIDADE



PAIESES
remensas



BUSCA
comerciantes
e artesáns

**G U E R R A
C I V I L**



REI
(Xoán II)
Partidario do autoritarismo real

OLIGARQUÍA CATALÁ
Defende os seus privilexios e
loita polo poder municipal



SEÑORES
nobreza
clero



BIGA
patriciado
urbano

↑
enfrentados
polos
malos usos
↓


↑
enfrentados
polo poder
municipal
↓

apoian a ↓
↑ loita polo poder político ↓

apoian a ↑

← →

A GUERRA CIVIL EN CATALUÑA (1462-1472)





O rei e mais os membros da oligarquia municipal mercando trigo para a cidade

Doc.3.- Os malos usos

- **Os remensas cataláns pedían a abolición dos malos usos**
 - Eran un conxunto de normas que os señores lles impuxeron aos seus servos
 - Que xa na Idade Media foron considerados como un abuso da súa autoridade
- Entre eles destacaban
 - **A cugucia**: pola que o señor tiña dereito a parte dos bens, ou a súa totalidade, do labrego se a súa muller era adúltera
 - **A arsia**: indemnización ao señor en caso de incendio do manso
 - **A sinatura de spolii**, pola que o señor recibía unha cantidade para autorizar un dote
 - **A remensa**: pola que o campesiño non podía abandonar o manso se non pagaba unha redención


DOC.3

Os malos usos



11.4.- A fin do conflito

- Finalmente, Xoán II logrou impoñerse
 - Optou pola reconciliación: **Capitulación de Pedralbes**, en 1472
 - Aínda que sen lles dar solución aos problemas que provocaran a guerra
- A pacificación no campo non se realizou ata o ano 1486
 - Coa **Sentenza Arbitral de Guadalupe**, ditada polo novo rei Fernando o Católico
 - Aboliu definitivamente a remensa e os malos usos
 - Pero confirmou o réxime señorial
- O conflito político entre a monarquía e as institucións tampouco se resolveu ata que Fernando, nas Cortes de Barcelona en 1480-1481
 - Estableceu un **pactismo moderado**
 - Obrigaba ao rei a xurarlle fidelidade ás leis
 - Pero tamén lle outorgaba capacidade de intervir nas institucións: Generalitat e Consell de Cent



OCEANO ATLÁNTICO

Mar Cantábrico

ARAGÓN
CATALUÑA

VALENCIA

MALLORCA
Is. Baleares

Sardenña

NÁPOLES

Sicilia

Mar Mediterráneo

**OS REINOS PENINSULARES
NO SÉCULO XV (1450)**

- reino de Portugal
- Coroa de Castela
- reino de Navarra
- Coroa de Aragón
- reino de Granada

Os reinos peninsulares no século XV.



A coca